

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

793 *Real decreto lei 1/2021, do 19 de xaneiro, de protección dos consumidores e usuarios fronte a situacións de vulnerabilidade social e económica.*

I

O artigo 51.1 da Constitución española establece que os poderes públicos garantirán a defensa das persoas consumidoras e usuarias protexendo, mediante procedementos eficaces, a súa seguridade, saúde e os seus lexítimos intereses económicos.

Para o efectivo cumprimento do dito mandato, débense considerar as consecuencias provocadas no ámbito social e económico pola pandemia da COVID-19, con graves repercusións en diferentes ámbitos sectoriais, que afectaron especialmente as relacións de consumo e, en consecuencia, a protección das persoas consumidoras e usuarias, cuxa garantía nestas condicións incumbe prioritariamente aos poderes públicos e obriga á adopción de actuacións específicas.

En tal sentido resulta urxente considerar o concepto de persoa consumidora vulnerable na normativa estatal de defensa das persoas consumidoras e usuarias, atendendo a este mandato constitucional, no sentido de garantir, cun grao maior de protección, os dereitos en determinados supostos en que a persoa consumidora se ve afectada por unha especial situación de vulnerabilidade que pode incidir na súa toma de decisións e, incluso, forzala a aceptar certas condicións contractuais que noutra situación non aceptaría. Esta figura xa foi recollida na normativa autonómica e, ben que esta necesidade xa era patente antes de que acontecese esta crise sanitaria mundial, a actual situación afondou na urxente necesidade de protección destas persoas que se poidan encontrar en especial situación de vulnerabilidade nunha relación de consumo.

Por tanto, inclúese por primeira vez na normativa estatal de defensa das persoas consumidoras a figura da persoa consumidora vulnerable, que deberá ser obxecto de especial atención, tanto por parte de autoridades públicas como de empresas privadas, nas relacións de consumo. Alén da tradicional alusión á situación económica das persoas consumidoras á hora de determinar a súa situación de vulnerabilidade, constátanse diversas situacións en que, agravadas pola actual situación de crise sanitaria, as circunstancias sociais ou persoais fan que se encontren nunha especial situación de subordinación, indefensión ou desprotección nas súas relacións de consumo, tal como lembrou recentemente a Comisión Europea coa publicación da Comunicación, do 13 de novembro de 2020, sobre a nova Axenda do consumidor: «Reforzar a resiliencia do consumidor para unha recuperación sustentable». Por conseguinte, é necesario que a normativa estatal recolla de forma urxente a previsión das circunstancias que xeran que os dereitos destas persoas consumidoras necesiten unha protección reforzada.

A nova Axenda do consumidor presenta a visión da política europea de consumo para o período 2020-2025. Entre as súas finalidades, ademais de abordar as necesidades actuais das persoas consumidoras ante a pandemia, sublíñase a promoción de medidas para un mercado único máis ecolóxico, dixital e xusto, que fortaleza a confianza e a toma de decisións dos consumidores, así como a protección eficaz dos seus intereses nas relacións de consumo. A axenda asume un enfoque holístico, que abrangue aquelas políticas da Unión Europea que revisten especial interese para as persoas consumidoras, complementando outras iniciativas como o Pacto verde europeo, a economía circular ou, no marco de Nacións Unidas, a Axenda 2030.

Para alcanzar os seus obxectivos, a axenda cobre cinco ámbitos prioritarios: a) a transición ecolóxica; b) a transformación dixital; c) a tutela e defensa dos dereitos dos consumidores; d) as necesidades específicas de determinados grupos de consumidores; e) a cooperación internacional. Entre eles, o terceiro e o cuarto son os que establecen o

marco adecuado para a modificación urxente do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

A tutela eficaz dos dereitos das persoas consumidoras volveuse máis urxente, tras o impacto social e económico que a pandemia da COVID-19 tivo sobre as prácticas de consumo. A Comisión Europea alerta na súa comunicación sobre o aumento de prácticas comerciais desleais, o que motiva a necesidade de implantar medidas coordinadas cos Estados membros para garantir a protección dos dereitos dos consumidores nunha contorna cada vez máis dixital. Nesta liña, a nova Axenda do consumidor subliña a necesidade de abordar as necesidades específicas de consumidores que, polas súas características ou circunstancias, requiran unha maior protección para garantir a toma de decisións nas relacións concretas de consumo acorde cos seus intereses.

Entre elas, na Axenda destácanse as seguintes: a necesidade de garantir tanto a accesibilidade dos produtos, bens e servizos, como a dispoñibilidade dunha información clara, accesible e fácil de manexar sobre eles; a adopción dun enfoque xusto e non discriminatorio na transformación dixital; a educación permanente, a sensibilización e a formación, especialmente a nenos, nenas e menores de idade; ou a protección fronte a prácticas discriminatorias por razón de xénero. En suma, a nova Axenda do consumidor coloca no centro das súas políticas e medidas a protección das persoas consumidoras que, por encontrarse nunha situación de vulnerabilidade, non poidan adoptar unha decisión acorde cos seus intereses nunha relación de consumo.

O concepto de consumidor vulnerable recollido na nova Axenda do consumidor fundaméntase nos estudos teóricos e investigacións empíricas desenvolvidas nos últimos anos sobre a vulnerabilidade especificamente referida ao ámbito do consumo. Os ditos avances no plano académico e na literatura utilizada polas institucións internacionais conflúen nunha noción de vulnerabilidade no consumo entendida como a probabilidade *ex ante* de que unha determinada persoa obteña un posible resultado negativo na súa relación de consumo.

En particular, a probabilidade de que unha persoa consumidora obteña resultados negativos nas súas relacións de consumo virá condicionada por aspectos tales como a dificultade para obter ou asimilar información, unha menor capacidade para comprar, elixir ou acceder a produtos adecuados, ou unha maior susceptibilidade a deixarse influír por prácticas comerciais. Dado que a clave para que as políticas de protección ás persoas consumidoras vulnerables sexan eficaces reside na súa capacidade de actuaren de forma preventiva, identificando as persoas ou colectivos que teñen maior probabilidade de verse afectados por esas contingencias antes de que o posible resultado negativo se produza, gran parte da literatura especializada centrouse na identificación dos factores que determinan a dita vulnerabilidade.

Aínda que a identificación dos factores de vulnerabilidade de consumo deu lugar a múltiples tipoloxías, existen algúns consensos básicos dentro do mundo académico.

En primeiro lugar, asúmese que a situación de vulnerabilidade non deriva de circunstancias estritamente persoais, senón que se deben considerar aspectos de orixe demográfica, social e, incluso, relacionados con cada contorno de mercado concreto.

En segundo lugar, e relacionado co anterior, hai consenso xeral en que as condicións que predispoñen á vulnerabilidade nas relacións de consumo exceden o plano do estritamente económico, tradicionalmente aproximado con indicadores do nivel de renda. Os primeiros avances teóricos neste sentido datan dos anos noventa do século pasado e derivan de estudos centrados na análise da vulnerabilidade de consumo en mercados específicos como o de produtos farmacéuticos ou o alimentario. Nestes casos evidenciábase con nitidez como factores tanto de índole biolóxica como cultural tiñan unha importancia crucial para estimar a vulnerabilidade nas súas relacións de consumo de certos individuos ou colectivos.

Posteriores investigacións confirmaron que a multidimensionalidade da vulnerabilidade de consumo, é dicir, a súa relación con factores de distintas dimensións, afecta todos os

ámbitos de consumo e é especialmente patente nalgúns sectores de consumo específicos como o financeiro, o enerxético ou o do comercio electrónico.

En terceiro lugar, os estudos académicos conciben a vulnerabilidade no ámbito do consumo como un concepto dinámico, no sentido de que non definen as persoas ou os colectivos como vulnerables dunha forma estrutural nin permanente. Desta forma, unha persoa pode ser considerada vulnerable nun determinado ámbito de consumo, pero non noutros. Ademais, esa condición de vulnerabilidade poderá variar ao longo do tempo segundo poidan facelo as condicións que a determinan, tanto as de tipo persoal como as sociais ou de contexto. En definitiva, as investigacións especializadas confirman que calquera persoa pode ser vulnerable nalgún momento da súa vida respecto dalgunha relación de consumo específica.

En consonancia con esta aproximación teórica e conceptual, signifícase que a normativa europea comina a protexer as persoas consumidoras vulnerables, non só en relación con aspectos económicos, como tradicionalmente se fixo na normativa sectorial, senón tamén en relación con aquelas outras circunstancias, tales como, por exemplo, a idade, o sexo, a orixe nacional ou étnica, o lugar de procedencia, as persoas alérxicas ou con algún tipo de intolerancia alimenticia, as vítimas de violencia de xénero, as familias monoparentais, as persoas desempregadas, as persoas con algún tipo de discapacidade, as persoas enfermas, as minorías étnicas ou lingüísticas, as persoas desprazadas temporalmente da súa residencia habitual, a poboación migrante ou solicitante de protección internacional, así como as persoas con carencias económicas ou en risco de exclusión, ou calquera outra circunstancia que poida incidir, xerando desvantaxe, nas súas relacións de consumo. Neste sentido xa se pronunciou o Parlamento Europeo, na súa Resolución do 22 de maio de 2012, sobre unha estratexia de reforzo dos dereitos dos consumidores vulnerables, ou, xunto co Consello, no Regulamento 254/2014, do 26 de febreiro de 2014, sobre o Programa plurianual de consumidores para o período 2014-2020, que aposta claramente pola protección das persoas consumidoras vulnerables a través da inclusión de previsións legislativas especiais.

Por conseguinte, é preciso ter en conta que son diversas as causas que determinan a posible situación de vulnerabilidade das persoas consumidoras e usuarias en atención ás específicas relacións de consumo que as afecten. É importante sinalar que as relacións de consumo están deseñadas sen ter en conta as necesidades e circunstancias de determinados colectivos de persoas que afrontan especiais obstáculos á hora de desenvolverse e exercer os seus dereitos en condicións de igualdade. Así, o impacto de determinadas variables psicosociais nas relacións de consumo (tales como a idade, o sexo, a orixe nacional ou étnica, o lugar de procedencia ou a discapacidade, entre outras) coloca as persoas consumidoras nunha situación de especial vulnerabilidade que reclama unha protección reforzada dos seus dereitos. Así mesmo, é preciso atender a circunstancias como o descoñecemento do idioma, o nivel de formación (ben sexa xeral ou específica dun sector do mercado), o lugar de residencia, a situación social, económica e financeira ou, incluso, problemas asociados ao uso das novas tecnoloxías como instrumento ou vía de acceso normalizado ao mercado de bens e servizos. Ademais, é importante ter en conta que varias causas ou factores dos mencionados poden operar simultaneamente ou interaccionar entre si, incrementando neses casos a situación de vulnerabilidade.

Todo iso supón a necesidade de considerar, entre os colectivos que se poden encontrar nunha especial situación de vulnerabilidade nas relacións comerciais entre persoas consumidoras e empresarios en España, distintos grupos de persoas.

As persoas maiores son un dos grupos máis numerosos de consumidores en España. Segundo os datos provisionais do Instituto Nacional de Estatística (INE) de xaneiro de 2020, hai 9.278.923 persoas de 65 ou máis anos para un total de poboación española de 47.332.614, o que supón un 19,6 % do total da poboación. En moitas ocasións, factores que poden estar asociados á idade, como o estado de saúde, o desfase xeracional ou o nivel sociocultural, inflúen na posibilidade das persoas maiores para se desenvolveren

como persoas consumidoras en igualdade de condicións, principalmente na sociedade da información actual. Ademais, as persoas maiores enfrontan en ocasións barreiras relacionadas coa forma en que se xera ou proporciona a información nas relacións de consumo, incrementándose o risco de que poidan ser inducidas a erro, así como barreiras relacionadas con prexuízos e estereotipos asociados á idade. Este desfase xeracional que pode afectar as súas relacións de consumo obsérvase, por exemplo, respecto do consumo *en liña*, posto que o uso da internet de forma frecuente por persoas de entre 65 e 74 anos se sitúa por debaixo do 60 %, moi lonxe do 83,1 % do total da poboación maior de 16 anos, de acordo con datos do INE.

Así mesmo, visibilízase como a vulnerabilidade tamén ten un compoñente transversal de xénero, posto que en España as mulleres cuxa idade está comprendida entre os 65 e os 99 anos constitúen o 57 % fronte aos homes. Ademais, de acordo con información proporcionada polo Instituto das Mulleres, as mulleres de idade avanzada viven soas con máis frecuencia que os homes, teñen ingresos máis baixos, sofren, en maior medida, enfermidades crónicas, e teñen peor percepción subxectiva da súa saúde e calidade de vida.

Entre outros obstáculos que impiden ou dificultan o desenvolvemento en condicións de igualdade nas relacións de consumo, a cuestión do xénero ben pode entenderse como outro dos factores de vulnerabilidade. Por exemplo, de acordo con datos do INE, as compras pola internet por parte das mulleres son 0,9 puntos porcentuais inferiores ás dos homes. O feito de que o xénero sexa un factor estrutural que posiciona en condición de subordinación no ámbito económico apréciase con claridade nos indicadores de capacidade económica, posto que a renda neta anual media nos fogares é maior naqueles en que a persoa de referencia é un home (30.531 euros) que naqueles en que o é unha muller (25.198 euros). En relación coas pensións, por exemplo, e de acordo con datos do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, a pensión media das mulleres en outubro de 2020 ascendeu a 813,52 euros fronte a 1.235,18 euros dos homes.

Así mesmo, entre as dificultades que impiden o desenvolvemento en condicións de igualdade nas relacións de consumo por cuestións de xénero, a violencia de xénero e a trata de mulleres e nenos con fins de explotación sexual deben ser recollidas en razón da súa especial incidencia. A violencia de xénero sitúa as mulleres en risco de exclusión social, frustrando as súas posibilidades de inserción no mundo laboral ou as súas expectativas de independencia económica, todo iso como consecuencia do control que exerce o agresor sobre as vítimas mulleres. Segundo datos da Cruz Vermella, o 84 % das mulleres vítimas de violencia de xénero están en risco de pobreza e exclusión social, o que afecta dunha forma directa as súas relacións de consumo.

Adicionalmente, e no ámbito da cuestión de xénero, encóntranse as familias monoparentais. Estes colectivos, encabezados por mulleres nun 81 % dos casos, afrontan necesidades que os sitúan nunha posición de desigualdade nas relacións de consumo. O 46,8 % destes fogares encóntrase en risco de pobreza e exclusión social e teñen unha taxa de pobreza infantil quince veces superior á media. Así mesmo, as mulleres que encabezan estes fogares deben enfrontarse a situacións de empregabilidade inestables, debido ás escasas posibilidades de conciliación que ofrecen as empresas, o que provoca que moitas delas se poidan encontrar en situación de desemprego ou de traballo en situación irregular dada a súa condición.

Tamén se debe prestar especial atención á situación dos nenos, nenas e adolescentes que, de acordo co INE, supoñen o 17,6 % do total da poboación, dos cales os menores de 16 anos son o colectivo máis afectado polo risco de pobreza relativa segundo a enquisa de condicións de vida. Nas súas relacións de consumo, os nenos, nenas e adolescentes, por exemplo, presentan unha maior sensibilidade á publicidade e ás prácticas comerciais agresivas, dispoñen de menor capacidade para recoñecer o perigo, poden sentirse atraídos pola aparencia de produtos que entrañen riscos para a súa saúde ou seguridade, ou poden presentar maior sensibilidade fronte á toxicidade de determinadas substancias químicas. Requiren, como a nova Axenda do consumidor advirte, medidas de educación permanente, formación e sensibilización.

Igualmente, é necesario facer alusión ás persoas con discapacidade e como pode afectar esta situación ás súas relacións de consumo. De acordo coa Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia, elaborada polo INE en 2008 (último informe dispoñible), o número de persoas con algunha discapacidade elevábase a 3.847.900 persoas, das cales 1.600.000 aproximadamente son menores de 65 anos.

Estas persoas pódense encontrar en diferentes situacións de vulnerabilidade á hora de desenvolverse nas relacións de consumo, dependendo da capacidade de resposta. En tal sentido, estas persoas están máis expostas á quebra e vulneración dos seus dereitos como persoas consumidoras, por canto en moitas ocasións o mercado de bens, produtos e servizos carece de condicións de accesibilidade universal, e dificultan o seu desempeño como consumidores protexidos. Por exemplo, as persoas con discapacidade visual poden ver impedido o acceso á información que incorporan as etiquetas dos produtos de uso cotián.

Por outro lado, entre os factores que poden afectar a poboación en xeral, pero que son susceptibles de facelo especialmente aos colectivos que se identificaron previamente como en situación de particular vulnerabilidade, cabe aludir, en primeiro lugar, ao nivel de renda das persoas consumidoras. En concreto, e segundo a Enquisa de condicións de vida do INE no ano 2019, a poboación en risco de pobreza ou exclusión social (taxa AROPE) situouse en España no 25,3 %, dato que aínda non tiña en conta o impacto da crise económica debida á COVID-19. Impacto que si ten en conta a Rede europea de loita contra a pobreza e exclusión social (EAPN), cando calcula que un 9,2 % da poboación, máis de catro millóns de persoas, sofre «pobreza severa», dato coincidente cos estudos das asociacións de consumidores, como a OCU, que desvelan que un 10 % das familias non chega a fin de mes en 2020.

O nivel formativo e cultural tamén pode incidir de forma importante nas relacións de consumo, situando en posicións de vulnerabilidade aquelas persoas consumidoras que contan con menores niveis de estudos. É preciso ter en conta que, actualmente, hai en España arredor 577.600 persoas analfabetas funcionais, segundo o último dato da enquisa de poboación activa, o que incide de forma directa, por exemplo, na súa capacidade para poder entender de forma precisa a información que se lles facilita nas súas relacións de consumo.

Outro factor que cobra especial importancia é a fenda dixital nas relacións de consumo na era dixital. Ben que o avance tecnolóxico supuxo en moitos aspectos unha apertura a novas oportunidades de consumo, pode pór nunha situación de vulnerabilidade o 4,7 % da poboación que non ten conexión á internet. Pero non só poder acceder a estes servizos é importante para poder desenvolverse en situacións de igualdade nas relacións de consumo, senón que adquirir habilidades e coñecementos tecnolóxicos é imprescindible para operar de forma adecuada no comercio en liña, aspecto que tamén ten un importante compoñente de idade, pois soamente o 17,1 % da poboación maior de 74 anos fai uso diario da internet, de acordo con datos do INE.

De igual modo, o lugar de residencia tamén pode ser unha causa de vulnerabilidade nas relacións de consumo. Á parte da xa mencionada dificultade de acceso a servizos bancarios, pois, segundo o Banco de España, 4.109 municipios españois, o 51,8 % do total, non teñen acceso a ningunha oficina bancaria; tamén é importante mencionar que os fogares con, cando menos, un membro de 16 a 74 anos residentes no 26,3 % das cidades de menos de 10.000 habitantes non teñen acceso á internet por banda larga fixa. Todas estas situacións, ademais, víronse acrecentadas coa situación de crise sanitaria derivada da COVID-19, que fixo aumentar o número de persoas consumidoras en situación de vulnerabilidade económica. Así, desde que o Goberno de España puxo en marcha as distintas moratorias para tratar de paliar os efectos da crise sanitaria na poboación economicamente máis vulnerable e ata o 30 de setembro, de acordo coa información do Banco de España, concedéronse 226.000 moratorias legais hipotecarias e 366.000 moratorias de créditos ao consumo. Así mesmo, concedéronse 793.000 moratorias entre hipotecarias e non hipotecarias ao abeiro dun acordo marco sectorial bancario.

Polo tanto, vese como son numerosas as causas tanto endóxenas como esóxenas que poden pór unha persoa en situación de vulnerabilidade nas súas relacións de consumo, non unicamente as súas circunstancias económicas, como tradicionalmente se enfocou este asunto a nivel sectorial.

En consideración a canto quedou exposto, os artigos do presente real decreto lei refírense ás medidas urxentes adoptadas para facer fronte a determinadas situacións de vulnerabilidade que afectan as persoas consumidoras e usuarias.

Así, no seu artigo primeiro modifícase o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

A modificación esencial do texto refundido é a que afecta o artigo 3, en relación co concepto xeral de consumidor e usuario, coa finalidade de incluír a definición de persoa consumidora vulnerable.

Así, determínase que, para os efectos desta norma e sen prexuízo da normativa sectorial que, en cada caso, resulte de aplicación, teñen a consideración de persoas consumidoras vulnerables respecto de relacións concretas de consumo aquelas persoas físicas que, de forma individual ou colectiva, polas súas características, necesidades ou circunstancias persoais, económicas, educativas ou sociais, se encontran, aínda que sexa territorial, sectorial ou temporalmente, nunha especial situación de subordinación, indefensión ou desprotección que lles impide o exercicio dos seus dereitos como persoas consumidoras en condicións de igualdade.

Como consecuencia desta previsión, de carácter esencial no texto refundido ao determinarse o concepto de persoa consumidora vulnerable, modifícanse diversos artigos do dito texto, coa finalidade de adecuar o réxime de dereitos das persoas consumidoras vulnerables no ámbito de aplicación do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios.

Con tal finalidade incorpórase a previsión desta categoría, a de persoa consumidora vulnerable, nos seguintes preceptos:

No artigo 8, sobre dereitos básicos dos consumidores e usuarios, cuxa redacción se modifica co obxecto de prever o relativo aos dereitos das persoas consumidoras vulnerables.

Introdúcese un novo punto 3 no artigo 17, relativo ao dereito á información, formación e educación dos consumidores e usuarios, coa finalidade de considerar a referencia ás persoas consumidoras vulnerables, de forma que se dispón que se prestará especial atención a aqueles sectores que, debido á súa complexidade ou características propias, contén con maior proporción de persoas consumidoras vulnerables entre os seus clientes ou usuarios, atendendo, de forma precisa, ás circunstancias que xeran a situación de concreta vulnerabilidade.

Modifícase o punto 2 do artigo 18, dedicado á etiquetaxe e presentación dos bens e servizos, co obxecto de determinar que, sen prexuízo das exigencias concretas que se establezan regulamentariamente e da normativa sectorial que, en cada caso, resulte de aplicación, que prestarán especial atención ás persoas consumidoras vulnerables, todos os bens e servizos postos á disposición dos consumidores e usuarios deberán ser de fácil acceso e comprensión e, en todo caso, incorporar, proporcionar ou, en último caso, permitir obter, de forma clara e comprensible, información veraz, eficaz e suficiente sobre as súas características esenciais, conforme se detalla nel.

Co mesmo obxecto dáse nova redacción ao artigo 19, relativo ás prácticas comerciais, de especial relevancia para o obxecto pretendido polo real decreto lei, ao dispoñerse que os lexítimos intereses económicos e sociais dos consumidores e usuarios deberán ser respectados nos termos establecidos nesta norma e, ademais, aplicarase o previsto nas normas civís e mercantís, nas regulacións sectoriais de ámbito estatal, así como o previsto na normativa comunitaria e autonómica que resulten de aplicación, e incorporárase ao texto refundido a referencia a que as prácticas comerciais dos empresarios quedan suxeitas ao disposto no texto refundido, na Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, e na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, non obstante a normativa sectorial que en cada caso resulte de aplicación.

Para tal efecto, prevese que respecto das prácticas comerciais relativas a servizos financeiros e bens inmobles, ou no ámbito das telecomunicacións ou enerxético, poderán establecerse normas legais ou regulamentarias que ofrezan unha maior protección ao consumidor ou usuario. E que as políticas públicas que inciden no ámbito do consumo e as prácticas comerciais orientadas ás persoas consumidoras vulnerables estarán destinadas, dentro do ámbito das relacións entre consumidores ou usuarios e empresarios, a prever e remover as circunstancias que xeran a situación de vulnerabilidade, así como a paliar os seus efectos, en particular, en relación coas comunicacións comerciais ou información precontractual facilitada, a atención *post* contractual ou o acceso a bens ou servizos básicos.

Coa mesma finalidade, modifícase o artigo 20, relativo á información necesaria na oferta comercial de bens e servizos, co obxecto de precisar que, sen prexuízo da normativa sectorial que, se é o caso, resulte de aplicación, a información necesaria que se inclúa na oferta comercial deberá facilitarse aos consumidores ou usuarios, principalmente cando se trate de persoas consumidoras vulnerables, en termos claros, comprensibles, veraces e nun formato facilmente accesible, de forma que aseguren a súa adecuada comprensión e permitan a toma de decisións óptimas para os seus intereses.

Así mesmo, modifícase o artigo 43, relativo á cooperación en materia de control de calidade, coa finalidade de dotar o texto de coherencia semántica e gramatical en relación coa nova figura de persoa consumidora vulnerable.

Finalmente, modifícase o punto 1 do artigo 60, sobre información previa ao contrato, coa finalidade de prever, de maneira expresa, o relativo á información ás persoas consumidoras vulnerables, concretándose que o empresario deberá facilitarlles, de forma clara e comprensible, a información relevante, veraz e suficiente sobre as características principais do contrato, en particular, sobre as súas condicións xurídicas e económicas, e establecéndose, sen prexuízo da normativa sectorial que, se é o caso, resulte de aplicación, os termos e o formato en que debe ser subministrada a dita información, principalmente cando se trate de persoas consumidoras vulnerables, para garantir a súa adecuada comprensión e que lles permita a toma de decisións óptimas para os seus intereses.

Pola súa parte, mediante o artigo segundo modifícase a disposición derradeira primeira do Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, relativa ao título competencial, co obxecto de adecuar o seu contido en coherencia coas modificacións operadas no texto refundido vinculadas ao carácter de normativa básica estatal dos preceptos que son obxecto de modificación.

As anteriores modificacións dítanse ao abeiro da competencia exclusiva atribuída ao Estado pola regra 13.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

E iso atendendo a que a competencia estatal sobre a ordenación xeral da economía ampara todas as normas e actuacións, sexa cal sexa a súa natureza, orientadas ao logro dunha serie de fins, entre os cales a doutrina constitucional [STC 34/2013, do 14 de febreiro, FX 4.b)] situou o de incidir en principios reitores da política económica e social (SSTC 95/2002, FFX 7 e 11, seguida polas SSTC 190/2002, do 17 de outubro; 228/2003 e 230/2003, ambas do 18 de decembro). Así mesmo, concretouse que a competencia estatal sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica comprende non soamente a ordenación do conxunto da economía senón tamén a ordenación de cada sector ou subsector da actividade económica, e o Estado podería así actuar en sectores moi específicos da actividade económica sobre os cales as comunidades autónomas teñen atribuídas competencias, conforme afirmou reiteradamente o Tribunal en relación con múltiples sectores e subsectores económicos (SSTC 225/1993, do 8 de xullo, 16/2018, do 22 de febreiro; 32/2018, do 12 de abril; 43/2018, do 26 de abril; 63/2018, do 7 de xuño; 80/2018, do 5 de xullo; 97/2018, do 19 de setembro; 102/2018, do 4 de outubro; 85/2015, do 30 de abril).

II

Ademais, o real decreto lei incorpora determinadas modificacións urxentes mediante as súas disposicións derradeiras primeira a cuarta.

A disposición derradeira primeira modifica o Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19.

Así, modifícase o artigo 1 bis introducido no Real decreto lei 37/2020, do 22 de decembro, de medidas urxentes para facer fronte ás situacións de vulnerabilidade social e económica no ámbito da vivenda e en materia de transportes, co obxecto de dar cobertura ás situacións en que os procedementos de desafuzamento e lanzamento afecten persoas economicamente vulnerables sen alternativa habitacional, mesmo nas causas penais en que o lanzamento afecte persoas que carezan de título para habitar unha vivenda.

Esta modificación ampárase na competencia exclusiva do Estado atribuída pola regra 6.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación procesual.

A disposición derradeira segunda modifica a Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, dunha parte, para efectos de derogar a disposición adicional sexta e, doutra parte, modificar o anexo XII. Bonificacións portuarias.

Derrógase a disposición adicional sexta da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, en materia de absorción do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, tendo en conta a existencia dunha regulación parcialmente coincidente da absorción do financiamento procedente da Unión Europea por parte da Axencia Estatal de Investigación e do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial, organismos públicos adscritos ao Ministerio de Ciencia e Innovación, na disposición adicional sexta do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Desta maneira, queda claro que a normativa aplicable na dita materia será a contida no referido real decreto lei.

Iso, ao abeiro da regra 16.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

Doutra parte, modifícase o anexo XII. Bonificacións portuarias, da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, coa finalidade de emendar determinados erros de omisión nos cadros de diferentes autoridades portuarias e os seus correspondentes textos a rodapé, porque sen as ditas modificacións non sería posible unha correcta liquidación das taxas portuarias para o exercicio 2021.

As modificacións introducidas refírense:

– Á inclusión dun cadro das bonificacións portuarias do artigo 245.3, da Autoridade Portuaria de Santander (que figura como anexo deste real decreto lei).

– Á inclusión de determinadas frases finais nas bonificacións do artigo 245.3 bis, das autoridades portuarias de Barcelona, Motril e Vilagarcía de Arousa; e do artigo 182, da Autoridade Portuaria de Las Palmas.

Trátase dunha modificación urxente co obxectivo de que as bonificacións que non están recollidas no texto actual da dita lei entren en vigor no menor prazo posible e poidan ser aplicadas de forma inmediata, coincidindo co exercicio anual, e con iso sexa posible unha correcta liquidación das taxas portuarias para este exercicio 2021.

A modificación do anexo XII da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, dítase de acordo coa regra 20.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de portos de interese xeral.

A disposición derradeira terceira refírese á habilitación para modificacións de determinados preceptos do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V,

VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Conforme iso, as modificacións do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, aprobadas mediante a disposición derradeira quinta da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, que afectan o último parágrafo da letra a) do artigo 300, o primeiro parágrafo do artigo 303, o último parágrafo da letra a) do artigo 307 e o primeiro parágrafo do artigo 310, poderán efectuarse mediante disposición con rango de real decreto.

Trátase de salvagardar o rango regulamentario das disposicións do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, que se modificaron mediante a disposición derradeira quinta da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021: último parágrafo da letra a) do artigo 300, primeiro parágrafo do artigo 303, último parágrafo da letra a) do artigo 307 e primeiro parágrafo do artigo 310.

A disposición derradeira cuarta modifica os prezos básicos do canon de control de verteduras do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Ten por obxecto modificar os prezos básicos do canon de control de verteduras do segundo parágrafo do artigo 113.3 do texto refundido da Lei de augas. O canon de control de verteduras configúrase como un ingreso dos organismos de bacía destinado ao estudo, control, protección e mellora do medio receptor. Así mesmo, a súa finalidade ambiental de protección da calidade das augas do dominio público hidráulico aconsella harmonizar a súa cuantificación coa fixada pola disposición adicional nonaxésimo novena da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.

Todo iso atendendo a que a Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, contén dous preceptos que regulan os mesmos canons con cuantificacións diferenciadas:

Por unha parte, a disposición adicional nonaxésimo novena. Actualización dos prezos básicos do canon de control de verteduras, establece o seguinte:

«Con efectos do 1 de xaneiro de 2021 e vixencia indefinida, de conformidade co previsto no parágrafo segundo do punto 3 do artigo 113 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, o prezo básico por metro cúbico fíxase en 0,01751 euros para a auga residual urbana e en 0,04377 euros para a auga residual industrial».

Pola súa parte, o punto dous da disposición derradeira novena establece o seguinte:

«Dous. Dáse nova redacción ao parágrafo segundo do punto 3 do artigo 113, que queda redactado como segue:

“O prezo básico por metro cúbico fíxase en 0,01808 euros para a auga residual urbana e en 0,04520 euros para a auga residual industrial. Estes prezos básicos poderán revisarse periodicamente nas leis de orzamentos xerais do Estado.”»

Co fin de evitar as dificultades interpretativas e aplicativas, cos conseguíntes problemas de recadación e xurisdicionais, propónse introducir esta disposición derradeira que modifique o parágrafo segundo do punto 3 do artigo 113 do texto refundido da Lei de augas, fixando nel a contía do prezo básico para augas residuais urbanas e industriais, respectivamente, e por outra parte, establecer, de maneira expresa, que quedan sen efecto, a partir do 1 de xaneiro de 2021, as cuantificacións dos prezos básicos que difiran do previsto nesta redacción.

As referidas disposicións derradeiras terceira e cuarta dítanse ao abeiro das regras 22.^a e 23.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma e de lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

III

O presente real decreto lei estrutúrase en dous artigos, cinco disposicións derradeiras e un anexo.

No articulado realízanse as modificacións precisas no texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, así como no real decreto lexislativo aprobatorio do dito texto.

E polo que se refire ás disposicións derradeiras, signifícase que:

A disposición derradeira primeira modifica o artigo 1 bis do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19.

A disposición derradeira segunda modifica a Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.

A disposición derradeira terceira refírese á habilitación para modificacións de determinados preceptos do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Pola súa parte, a disposición derradeira cuarta modifica os prezos básicos do canon de control de verteduras do segundo parágrafo do artigo 113.3 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

A disposición derradeira quinta refírese á entrada en vigor e establécea para o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

O anexo refírese ao cadro das bonificacións portuarias da Autoridade Portuaria de Santander.

IV

O Tribunal Constitucional avalou, de maneira reiterada, a adopción de medidas con impacto social en situacións excepcionais e de urxente necesidade. O dito aval demanda a concorrencia material dunha motivación explícita e razoada da necesidade e tamén formal, vinculada coa urxencia que impide acudir á tramitación ordinaria dos textos normativos. Este real decreto lei cumpre aquela doutrina reiterada do Tribunal Constitucional contida en múltiples sentenzas, entre as cales cabería citar a 6/1983, do 4 de febreiro, F 5; a 11/2002, do 17 de xaneiro, F 4, a 137/2003, do 3 de xullo, F 3 e a 189/2005, do 7 xullo, F 3), entre outras moitas.

A súa motivación material deriva da necesidade de poder afrontar as graves consecuencias do empeoramento da vulnerabilidade de moitas persoas consumidoras atendendo á actual conxuntura económica e social. E a extraordinaria e urxente necesidade forma parte do xuízo político e de oportunidade que corresponde ao Goberno (novamente SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3).

As medidas adoptadas considéranse, ademais, as necesarias con carácter imprescindible para atender os intereses xerais afectados, xa que existe (STC 139/2016, do 21 xullo, FX 3) «unha conexión de sentido ou relación de adecuación entre a situación definida que constitúe o presuposto habilitante e as medidas que no decreto lei se adoptan» (así, desde un principio, STC 29/1982, do 31 de maio (RTC 1982, 29), FX 3, ata as máis recentes SSTC 96/2014, do 12 de xuño (RTC 2014, 96), FX 5, e 183/2014, do 6 de novembro (RTC 2014, 183), FX 4).

Este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

En relación con iso, mediante as modificacións que se operan do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, preténdese reforzar a garantía da defensa das persoas consumidoras e usuarias, para protexer máis eficazmente os lexítimos intereses daqueles que se encontran nunha situación de vulnerabilidade, para o adecuado cumprimento do mandato que aos poderes públicos encomenda o artigo 51.1 da Constitución.

Para tales efectos, a inclusión da figura da persoa consumidora vulnerable na normativa estatal de defensa das persoas consumidoras e usuarias non afecta o réxime xeral do principio reitor recollido no artigo 51 da Constitución, senón que, seguindo o dito mandato constitucional, incorpora de forma expresa algúns elementos para a necesaria protección de persoas e colectivos que, aínda que xa se infería da normativa vixente, en determinadas ocasións podía non estar positivizada de tal forma que resultase efectiva, máxime no marco das extraordinarias circunstancias que derivan da COVID-19.

En consecuencia, o obxectivo pretendido é o de ampliar, en todo caso, a garantía da debida protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias en situación de vulnerabilidade, e iso no marco xeral do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, que recolle a definición de consumidor e usuario con carácter xeral.

Considérase urxente e prioritario poder facelo, en atención ás circunstancias actuais derivadas en particular da pandemia, coa importante incidencia que está tendo nas diversas relacións de consumo ou de servizo en que se encontran consumidores e usuarios, e considerando, ademais, que se actúa para o adecuado cumprimento dos pronunciamentos das institucións comunitarias, que fan expresa referencia a outros factores e circunstancias específicas, alén da situación económica en que se encontran as persoas consumidoras e usuarias como causas específicas da súa vulnerabilidade.

Como sinalou recentemente a Comisión Europea na nova Axenda do consumidor, do 13 de novembro de 2020, as vulnerabilidades dos consumidores víronse exacerbadas pola actual pandemia. De feito, a propia comisión sinala entre os impactos da pandemia sobre os consumidores «a explotación das vulnerabilidades financeiras que existían desde antes da pandemia, pero que se volveron máis prementes». E isto é así porque, como se recolle expresamente, «a pandemia presentou retos significativos que afectan a vida cotiá dos consumidores, sobre todo, en relación coa dispoñibilidade e a accesibilidade de produtos e servizos, así como as viaxes cara a, desde e dentro da UE». Como punto importante derivado da pandemia, a Comisión tamén chama a atención sobre «o aumento das estafas aos consumidores, as técnicas de comercialización enganosas e a fraude nas compras en liña, de que foi e segue sendo vítima un número crecente de consumidores».

Polo tanto, resulta urxente adecuar a normativa básica estatal a tales requirimentos para así, ademais, evitar a apertura de procedementos por incumprimentos do Estado nesta materia que se poidan verse instados polas propias institucións comunitarias ou como consecuencia de demandas das persoas consumidoras e usuarias vulnerables afectadas, se se considera que non están adecuadamente protexidas.

Por outra parte, a urxencia deriva da necesidade de garantir un trato igualitario na protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias que se encontren en situación de vulnerabilidade en relación coas relacións de consumo que as afecten de maneira particular. En tal sentido, considérase preciso con urxencia levar a cabo a modificación do artigo 3 do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, que ten carácter de normativa básica estatal, polo cal resultará vinculante para as comunidades autónomas, para determinar un mínimo común de protección en todo o territorio do Estado destas persoas que precisan dunha especial protección, sen prexuízo de que as comunidades autónomas, en exercicio das súas competencias, poidan prever na súa normativa propia regulacións que resulten máis favorables para as persoas

consumidoras e usuarias en situación de vulnerabilidade, pero non diminuír a protección que se lles outorgue en virtude do texto refundido.

Coa incorporación desta definición ao artigo 3 do texto refundido, que ten carácter básico, dáse homoxeneidade á normativa horizontal de protección ás persoas consumidoras, en liña cos textos aprobados polas institucións europeas, ademais de clarificarse a súa natureza non estrutural, senón referida a relacións de consumo específicas. Así mesmo, evítanse a confusión e a falta de seguridade xurídica que pode provocar o uso de diferentes termos na normativa estatal e autonómica para referirse a unha mesma realidade.

Na actualidade, o feito de non contar cun corpo normativo a nivel nacional que protexa as persoas consumidoras vulnerables ante as infraccións da normativa de consumo pon estas persoas nunha situación de especial desprotección ante a actual pandemia, posto que non se dispón de habilitacións legais -alén da figura do real decreto lei- para poder desenvolver a normativa de protección das persoas consumidoras en aspectos tan importantes como a información precontractual que hai que facilitar na contratación a distancia, a toma en conta de situacións de vulnerabilidade na interposición de reclamacións ante incumprimentos contractuais ou a información concreta que hai que facilitar respecto de determinados produtos de protección fronte á COVID-19 cando vaian destinados a determinados colectivos vulnerables.

De aí a urxencia de incorporar a figura da persoa consumidora vulnerable no texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, posto que con iso se palía unha lagoa da nosa normativa que podía supor unha clara desprotección das persoas consumidoras vulnerables ante os efectos da actual pandemia.

Así mesmo, esta modificación pola vía de urxencia é óptima desde o punto de vista de técnica normativa, porque ampara desenvolvementos máis rápidos e eficaces da lei para materias que non teñen rango de lei, sen ter que recorrer á vía do real decreto lei.

Pola súa parte, a urxente necesidade de incorporar ao presente real decreto lei as modificacións incluídas nas disposicións derradeiras primeira a cuarta detállase a continuación.

En canto á modificación do artigo 1 bis do Real decreto 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19, que foi introducido mediante o Real decreto lei 37/2020, do 22 de decembro, de medidas urxentes para facer fronte ás situacións de vulnerabilidade social e económica no ámbito da vivenda e en materia de transportes, deriva da necesidade de dar cobertura inmediata ás situacións en que os procedementos de desafiuzamento e lanzamento afecten persoas economicamente vulnerables sen alternativa habitacional, mesmo nas causas penais en que o lanzamento afecte persoas que carezan de título para habitar unha vivenda.

Respecto da urxencia de modificar a Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, dunha parte, para efectos de derrogar a disposición adicional sexta, signifícase que a urxencia queda xustificada tendo en conta a existencia dunha regulación parcialmente coincidente da absorción do financiamento procedente da Unión Europea por parte da Axencia Estatal de Investigación e do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial, na disposición adicional sexta do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, polo que se precisa que a normativa aplicable será a contida no referido real decreto lei.

Doutra parte, é moi urxente modificar as bonificacións portuarias para permitir que as bonificacións que non están recollidas no texto actual da dita lei entren en vigor canto antes, co fin de que se poidan aplicar de forma inmediata, coincidindo co exercicio anual, e con iso sexa posible unha correcta liquidación das taxas portuarias para este exercicio 2021.

Polo que atinxe ás modificacións a que se refiren as disposicións derradeiras terceira e cuarta signifícase que a extraordinaria e urxente necesidade da modificación

dos prezos básicos do canon de control de verteduras se xustifica en proporcionar seguridade xurídica aos seus destinatarios, así como en atención á actual conxuntura económica, a cal require favorecer a actividade dos operadores afectados, en equilibrio coa política de protección da calidade das augas do dominio público hidráulico (como sinala por todas o FX 4.f) da xa citada STC 61/2018, do 13 de xuño).

Pola súa parte, a coherencia do ordenamento xurídico respecto da salvagarda do rango regulamentario das modificacións do Regulamento do dominio público hidráulico xustifícase na necesidade da súa concreción «nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis» (SSTC 31/2011, do 17 de marzo, FX 4; 137/2011, do 14 de setembro, FX 6, e 100/2012, do 8 de maio, FX 8).

O real decreto lei responde, así mesmo, aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, tal e como exige a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A necesidade e a eficacia apóianse no interese xeral en que se fundamentan as medidas de protección que se establecen para os que son máis vulnerables no ámbito dos consumidores e usuarios, de modo que se poida garantir, no contexto da situación actual, a adecuada defensa dos seus dereitos como persoas consumidoras vulnerables que son obxecto de especial protección. Así mesmo, as modificacións que o real decreto lei incorpora nos demais ámbitos obxecto de regulación considéranse necesarias dada a urxencia que presenta dar solución ás cuestións postas de manifesto en cada caso. Dáse cumprimento tamén ao principio de proporcionalidade porque contén as medidas que se consideran imprescindibles para lograr os obxectivos previamente mencionados (STC 139/2016, do 21 xullo). É coherente co vixente ordenamento xurídico, en canto que se procede á súa modificación considerando as motivacións manifestadas, e por iso se axusta ao principio de seguridade xurídica e, por último, en canto ao principio de transparencia, esta norma está exenta dos trámites de consulta pública, audiencia e información pública por tratarse dun real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Consumo, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de xaneiro de 2021,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.*

O texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 3, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 3. *Conceptos de consumidor e usuario e de persoa consumidora vulnerable.*

1. Para efectos desta lei, e sen prexuízo do disposto expresamente nos seus libros terceiro e cuarto, son consumidores ou usuarios as persoas físicas que actúen cun propósito alleo á súa actividade comercial, empresarial, oficio ou profesión.

Son tamén consumidores, para efectos desta norma, as persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica que actúen sen ánimo de lucro nun ámbito alleo a unha actividade comercial ou empresarial.

2. Así mesmo, para os efectos desta lei e sen prexuízo da normativa sectorial que en cada caso resulte de aplicación, teñen a consideración de persoas consumidoras vulnerables respecto de relacións concretas de consumo aquelas persoas físicas que, de forma individual ou colectiva, polas súas características,

necesidades ou circunstancias persoais, económicas, educativas ou sociais, se encontran, aínda que sexa territorial, sectorial ou temporalmente, nunha especial situación de subordinación, indefensión ou desprotección que lles impide o exercicio dos seus dereitos como persoas consumidoras en condicións de igualdade.»

Dous. Modifícase o artigo 8, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Dereitos básicos dos consumidores e usuarios.*

1. Son dereitos básicos dos consumidores e usuarios e das persoas consumidoras vulnerables:

- a) A protección contra os riscos que poidan afectar a súa saúde ou seguridade.
- b) A protección dos seus lexítimos intereses económicos e sociais; en particular, fronte ás prácticas comerciais desleais e a inclusión de cláusulas abusivas nos contratos.
- c) A indemnización dos danos e a reparación das perdas sufridas.
- d) A información correcta sobre os diferentes bens ou servizos e a educación e divulgación para facilitar os coñecementos sobre o seu adecuado uso, consumo ou aproveitamento.
- e) A audiencia en consulta, a participación no procedemento de elaboración das disposicións xerais que os afectan directamente e a representación dos seus intereses, a través das asociacións, agrupacións, federacións ou confederacións de consumidores e usuarios legalmente constituídas.
- f) A protección dos seus dereitos mediante procedementos eficaces, en especial en relación coas persoas consumidoras vulnerables.

2. Os dereitos das persoas consumidoras vulnerables gozarán dunha especial atención, que será recollida regulamentariamente e pola normativa sectorial que resulte de aplicación en cada caso. Os poderes públicos promoverán políticas e actuacións tendentes a garantir os seus dereitos en condicións de igualdade, de acordo coa concreta situación de vulnerabilidade en que se encontren, tratando de evitar, en calquera caso, trámites que poidan dificultar o exercicio destes.»

Tres. Introdúcese un punto 3 no artigo 17 coa seguinte redacción:

«3. En cumprimento do disposto nos puntos anteriores, prestarase especial atención a aqueles sectores que, debido á súa complexidade ou características propias, contén con maior proporción de persoas consumidoras vulnerables entre os seus clientes ou usuarios, atendendo de forma precisa ás circunstancias que xeran a situación de concreta vulnerabilidade.»

Catro. Modifícase o punto 2 do artigo 18, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Sen prexuízo das exixencias concretas que se establezan regulamentariamente e da normativa sectorial que, en cada caso, resulte de aplicación, que prestarán especial atención ás persoas consumidoras vulnerables, todos os bens e servizos postos á disposición dos consumidores e usuarios deberán ser de fácil acceso e comprensión e, en todo caso, incorporar, proporcionar ou, en último caso, permitir obter, de forma clara e comprensible, información veraz, eficaz e suficiente sobre as súas características esenciais, en particular, sobre as seguintes:

- a) Nome e enderezo completo do produtor.
- b) Natureza, composición e finalidade.
- c) Calidade, cantidade, categoría ou denominación usual ou comercial, se a teñen.

d) Data de produción ou fornecemento e lote, cando sexa exixible regulamentariamente, prazo recomendado para o uso ou consumo ou data de caducidade.

e) Instrucións ou indicacións para o seu correcto uso ou consumo, así como a correcta xestión dos seus residuos, advertencias e riscos previsibles.»

Cinco. Modifícase o artigo 19, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 19. *Principio xeral e prácticas comerciais.*

1. Os lexítimos intereses económicos e sociais dos consumidores e usuarios deberán ser respectados nos termos establecidos nesta norma; ademais, aplicarase o previsto nas normas civís e mercantís, nas regulacións sectoriais de ámbito estatal, así como na normativa comunitaria e autonómica que resulten de aplicación.

2. Sen prexuízo do disposto nos puntos seguintes, para a protección dos lexítimos intereses económicos e sociais dos consumidores e usuarios, as prácticas comerciais dos empresarios dirixidas a eles están suxeitas ao disposto nesta lei, na Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, e na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, non obstante a normativa sectorial que en cada caso resulte de aplicación. Para estes efectos, considéranse prácticas comerciais dos empresarios cos consumidores e usuarios todo acto, omisión, conduta, manifestación ou comunicación comercial, incluída a publicidade e a comercialización, directamente relacionada coa promoción, a venda ou o fornecemento de bens ou servizos, incluídos os bens inmobles, así como os dereitos e obrigas, con independencia de que sexan realizados antes, durante ou despois dunha operación comercial.

Non teñen a consideración de prácticas comerciais as relacións de natureza contractual, que se rexerán conforme o previsto no artigo 59.

3. O disposto no punto anterior non obsta a aplicación:

a) Das normas que regulen as prácticas comerciais que poidan afectar a saúde e seguridade dos consumidores e usuarios, incluídas as relativas á seguridade de bens e servizos.

b) Das normas sobre certificación e grao de pureza dos obxectos fabricados con metais preciosos.

4. As normas previstas nesta lei en materia de prácticas comerciais e as que regulan as prácticas comerciais en materia de medicamentos, etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos, indicación de prezos, aproveitamento por quenda de bens inmobles, crédito ao consumo, comercialización a distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores e usuarios, comercio electrónico, investimento colectivo en valores mobiliarios, normas de conduta en materia de servizos de investimento, oferta pública ou admisión de cotización de valores e seguros, incluída a mediación e calquera outra norma de carácter sectorial que regule aspectos concretos das prácticas comerciais desleais previstos en normas comunitarias, prevalecerán en caso de conflito sobre a lexislación de carácter xeral aplicable ás prácticas comerciais desleais.

O incumprimento das disposicións a que fai referencia este punto será considerado, en todo caso, práctica desleal por enganosa, en iguais termos ao disposto no artigo 19.2 da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, en relación coas prácticas enganosas reguladas nos artigos 20 a 27 da dita lei.

5. En relación coas prácticas comerciais relativas a servizos financeiros e bens inmobles, e no ámbito das telecomunicacións ou enerxético, poderán establecerse normas legais ou regulamentarias que ofrezan unha maior protección ao consumidor ou usuario.

6. As políticas públicas que inciden no ámbito do consumo e as prácticas comerciais orientadas ás persoas consumidoras vulnerables estarán destinadas, se

é o caso, e sempre dentro do ámbito das relacións entre consumidores ou usuarios e empresarios, a prever e remover, sempre que sexa posible, as circunstancias que xeran a situación de vulnerabilidade, así como a paliar os seus efectos, en particular, en relación coas comunicacións comerciais ou información precontractual facilitada, coa atención *post* contractual ou co acceso a bens ou servizos básicos.»

Seis. Modifícase o punto 2 do artigo 20 e engádese un punto 3, que quedan redactados do modo seguinte:

«2. Para efectos do cumprimento do previsto no punto anterior, e sen prexuízo da normativa sectorial que, se é o caso, resulte de aplicación, a información necesaria que se inclúa na oferta comercial deberáselles facilitar aos consumidores ou usuarios, principalmente cando se trate de persoas consumidoras vulnerables, en termos claros, comprensibles, veraces e nun formato facilmente accesible, de forma que aseguren a súa adecuada comprensión e permitan a toma de decisións óptimas para os seus intereses.

3. O incumprimento do disposto nos puntos anteriores será considerado práctica desleal por enganosa en iguais termos aos que establece o artigo 7 da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal.»

Sete. Modifícase a letra c) do artigo 43, que queda redactada do seguinte modo:

«c) Os bens ou servizos sobre os cales se produza un maior número de reclamacións ou nos cales, polo tipo destas, caiba deducir razoablemente que existen situacións especialmente lesivas para os dereitos dos consumidores e usuarios ou que afecten, en particular, as persoas consumidoras vulnerables.»

Oito. Incorpórase un segundo parágrafo ao punto 1 do artigo 60, que queda redactado do modo seguinte:

«1. Antes de que o consumidor e usuario quede vinculado por un contrato e oferta correspondente, o empresario deberá facilitarlle, de forma clara e comprensible, salvo que resulte manifesta polo contexto, a información relevante, veraz e suficiente sobre as características principais do contrato, en particular, sobre as súas condicións xurídicas e económicas.

Sen prexuízo da normativa sectorial que, se é o caso, resulte de aplicación, os termos en que se subministre a dita información, principalmente cando se trate de persoas consumidoras vulnerables, ademais de claros, comprensibles, veraces e suficientes, facilitaranse nun formato facilmente accesible, garantindo, se é o caso, a asistencia necesaria, de forma que aseguren a súa adecuada comprensión e permitan a toma de decisións óptimas para os seus intereses.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias.*

Modifícase o punto 2 da disposición derradeira primeira do Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, que queda redactado do modo seguinte:

«2. Os artigos 8, 9, 17.1 e 3, 18, 23.1 e 3, 25 e 26; os capítulos III e V do título I do libro primeiro e o título IV do libro primeiro teñen carácter básico, ao ditarse ao abeiro das competencias que corresponden ao Estado no artigo 149.1.1.^a, 13.^a e 16.^a da Constitución española.»

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19.*

O Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícanse o título e o punto 1 do artigo 1 bis, que quedan redactados da seguinte maneira:

«Artigo 1 bis. *Suspensión durante o estado de alarma do procedemento de desafuzamento e dos lanzamentos para persoas economicamente vulnerables sen alternativa habitacional nos supostos dos puntos 2º, 4º e 7º do artigo 250.1 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, e naqueloutros nos cales o desafuzamento derive dun procedemento penal.*

1. Desde a entrada en vigor do presente real decreto lei e ata a finalización do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, prorrogado polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, en todos os xuízos verbais en que se tramiten as demandas a que se refiren os puntos 2.º, 4.º e 7.º do artigo 250.1 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, e naqueloutros procesos penais en que se tramite o lanzamento da vivenda habitual daquelas persoas que a estean habitando sen ningún título habilitante para iso, o xuíz terá a facultade de suspender o lanzamento ata a finalización do estado de alarma.

Estas medidas de suspensión, que se establecen con carácter extraordinario e temporal, deixarán de producir efecto, en todo caso, en canto finalice o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prorrogado polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro.»

Dous. Modifícanse as letras b) e c) do punto 7 do artigo 1 bis, que quedan redactadas do modo seguinte:

«b) Cando se producise nun inmovible de propiedade dunha persoa física ou xurídica que o teña cedido por calquera título válido en dereito a unha persoa física que tivese nel o seu domicilio habitual ou segunda residencia debidamente acreditada.

c) Cando a entrada ou permanencia no inmovible se producise mediando intimidación ou violencia sobre as persoas.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2021, a Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, queda modificada do seguinte modo:

Un. Derrógase a disposición adicional sexta.

Dous. Modifícase o anexo XII. Bonificacións portuarias, da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, no seguinte sentido:

1. Na Autoridade Portuaria de Barcelona, nas bonificacións 245.3 bis, inclúese unha última frase: «As liquidacións destas taxas con data de devindicación a partir do día 1 de novembro de 2020, practicadas antes da entrada en vigor desta lei, terán a consideración de provisionais e poderán revisarse, mediante a aplicación da presente bonificación, por solicitude do suxeito pasivo formulada antes de que transcorra o prazo de dous meses contado desde a entrada en vigor desta lei.»

2. Na Autoridade Portuaria de Las Palmas, nas bonificacións do artigo 182, inclúese a frase: «(c) C= toneladas movidas/metros cadrados de superficie outorgada en concesión. Aplicarase sobre a taxa de ocupación da superficie outorgada en concesión ou autorización.»

3. Na Autoridade Portuaria de Motril, nas bonificacións 245.3 bis, inclúese unha última frase: «Estas bonificacións serán de aplicación ás taxas devindicadas a partir do 1 de marzo de 2020.»

4. Na Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, na bonificación 245.3 bis, inclúese unha última frase: «O efecto multiplicativo das bonificacións compatibles coas do artigo 245.3 non poderá superar o 40 % de bonificación á cota da taxa correspondente.»

5. Na Autoridade Portuaria de Santander, nas bonificacións 245.3, inclúese un primeiro cadro completo, o cal figura no anexo deste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para modificacións de determinados preceptos do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.*

As modificacións do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, aprobadas mediante a disposición derradeira quinta da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, que afectan o último parágrafo da letra a) do artigo 300, o primeiro parágrafo do artigo 303, o último parágrafo da letra a) do artigo 307 e o primeiro parágrafo do artigo 310, poderán efectuarse mediante disposición con rango de real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación dos prezos básicos do canon de control de verteduras do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.*

Modifícase o parágrafo segundo do punto 3 do artigo 113 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, que queda redactado da seguinte forma:

«O prezo básico por metro cúbico fíxase en 0,01751 euros para a auga residual urbana e en 0,04377 euros para a auga residual industrial. Estes prezos básicos poderán revisarse periodicamente nas leis de orzamentos xerais do Estado.»

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de xaneiro de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

ANEXO

Autoridade Portuaria de Santander

Bonificacións 2021 (artigo 245.3) para incentivar tráfico e servizos marítimos que coadxuven ao desenvolvemento económico ou social

Tráficos e servizos marítimos, prioritarios ou estratéxicos	Códigos arancelarios	Taxa do buque		Taxa da mercadoría		Taxa da pasaxe		Condições de aplicación específicas
		Tramo	Valor	Tramo	Valor	Tramo	Valor	
Cruceiros turísticos.		1. ^a escala.	10%			1. ^a escala.	10%	Aplicase, se é o caso, por igual desde a primeira escala operada, a partir da entrada en vigor da presente lei, de buques da mesma compañía navieira, se supera o tráfico mínimo indicado no tramo.
		De 2 a 6 escalas.	25%			De 2 a 6 escalas.	25%	
		Máis de 6 escalas.	40%			Máis de 6 escalas.	40%	
Contedores entrada/saída marítima en servizo marítimo regular. Carga e descarga por elevación («lift on-lift off» ou «lo-lo»).		De 10 a 20 escalas.	20%	De 1.000 a 2.500 TEU.	20%			Aplicase, se é o caso, por igual desde a primeira escala operada a partir da entrada en vigor da presente lei, se o servizo marítimo supera o tráfico mínimo indicado no tramo. TEU (<i>Twenty Equivalent Unit</i>). Unidade de contedor equivalente a 20 pés. Para novos servizos, no caso de comezar as operacións durante o ano, os intervalos faranse proporcionais ao tempo transcorrido desde a primeira operación ata final de ano.
		De 21 a 40 escalas.	30%	De 2.501 a 5.000 TEU.	30%			
		Máis de 40 escalas.	40%	Máis de 5.000 TEU.	40%			
Contedores baleiros, entrada/saída marítima en servizo marítimo regular. Carga e descarga por elevación («lift on-lift off» ou «lo-lo»).				Desde a primeira TEU.	40%			Aplicase por igual desde a primeira TEU operada a partir da entrada en vigor da presente lei, sempre que os contedores sexan transportados nun servizo marítimo regular.
Contedores ro-ro en servizo marítimo regular.				Máis de 500 TEU.	40%			Aplicase, se é o caso, por igual desde a primeira TEU operada a partir da entrada en vigor da presente lei, se o servizo marítimo regular supera o tráfico mínimo indicado. Para novos servizos, no caso de comezar as operacións durante o ano, os intervalos faranse proporcionais ao tempo transcorrido desde a primeira operación ata final de ano. Esta bonificación é incompatible coa establecida no artigo 245.3 bis.

Tráficos e servizos marítimos, prioritarios ou estratéxicos	Códigos arancelarios	Taxa do buque		Taxa da mercadoría		Taxa da pasaxe		Condições de aplicación específicas
		Tramo	Valor	Tramo	Valor	Tramo	Valor	
Mercadoría xeral en elementos de transporte non acompañado, en servizo marítimo regular de transporte marítimo de curta distancia, en buques «con-ro» ou «ro-ro».		Entre 80-95 escalas.	25%	De 50.000 a 100.000 t.	10%			Aplicase, se é o caso, por igual desde a primeira escala operada a partir da entrada en vigor da presente lei, se o servizo marítimo supera o tráfico mínimo indicado no tramo. Esta bonificación é incompatible coa establecida no artigo 245.3 bis.
		Máis de 95 escalas.	30%	Máis de 100.000 t.	20%			
Pasaxeiros e vehículos en réxime de pasaxe e mercadoría xeral en elementos de transporte, en servizo marítimo regular de transporte marítimo de curta distancia, en buques «ro-pax» ou «ferry».		De 150 a 190 escalas.	30%	De 400.000 a 500.000 t.	20%	Entre 160.000 e 200.000 pax.	30%	Aplicase, se é o caso, por igual desde a primeira escala operada a partir da entrada en vigor da presente lei, se o servizo marítimo supera o tráfico mínimo indicado no tramo. Aplicarase tanto aos pasaxeiros como aos vehículos en réxime de pasaxe. Esta bonificación é incompatible coa establecida no artigo 245.3 bis.
		Máis de 190 escalas.	40%	Máis de 500.000 t.	30%	Máis de 200.000 pax.	40%	
Vehículos en réxime de mercadoría en servizo marítimo «ro-ro».	8703E-8703F-8703G-8703H-8703I-8703J-8703K-8703L	Máis de 80 escalas.	10%					Aplicase, se é o caso, por igual desde a primeira escala operada a partir da entrada en vigor da presente lei, se o servizo marítimo supera o tráfico mínimo indicado no tramo. Esta bonificación é incompatible coa establecida no artigo 245.3 bis.
Vehículos en réxime de mercadoría.				Entre 50.000 ud. e 100.000 ud.	5%			Aplicase, se é o caso, por igual desde a primeira unidade operada a partir da entrada en vigor da presente lei, dunha mesma marca ou de distintas marcas que pertencen a un mesmo grupo destinado á fabricación de vehículos, se se supera o tráfico mínimo indicado no tramo.
				Entre 100.001 ud. e 150.000 ud.	10%			
	8703E-8703F-8703G-8703H-8703I-8703J-8703K-8703L			Máis de 150.000 ud.	15%			
Servizo marítimo «ro-ro» de mercadoría xeral.		De 10 a 20 escalas.	20%					Aplicase, se é o caso, por igual desde a primeira escala operada a partir da entrada en vigor da presente lei, se o servizo marítimo supera o tráfico mínimo indicado no tramo, e soamente para buques de máis de 40.000 GT. Tanto para o cómputo de escalas como para a bonificación, soamente se terán en conta as escalas que superen as 40.000 GT. Esta bonificación é incompatible coa establecida no artigo 245.3 bis.
		De 21 a 40 escalas.	25%					
		Máis de 40 escalas.	30%					

Tráficos e servizos marítimos, prioritarios ou estratéxicos	Códigos arancelarios	Taxa do buque		Taxa da mercadoría		Taxa da pasaxe		Condições de aplicación específicas
		Tramo	Valor	Tramo	Valor	Tramo	Valor	
Conectividade marítima I: servizos ro-ro de transporte marítimo de curta distancia, con buques ro-ro/con-ro. Creación de novos servizos marítimos regulares ro-ro/con-ro. (*).				Desde o primeiro remolque/ semirremolque/ camión/contedor que cumpra as condicións específicas. Non é aplicable a MAFI nin cassetes, nin a vehículos ou elementos de transporte en réxime de mercadoría.	40%			Aplicase a todas aquelas escalas de servizos marítimos regulares de transporte marítimo de curta distancia, de buques ro-ro/con-ro, creados no ano en curso ou no ano anterior. Considérase que se crea un novo servizo marítimo regular se se xera un novo servizo destas características, como mínimo dúas frecuencias semanais. Esta bonificación é incompatible coa establecida no artigo 245.3 bis.
Conectividade marítima II: servizos ro-ro de transporte marítimo de curta distancia con buques ro-ro/con-ro. Incremento ou mantemento de tráfico en servizos marítimos regulares ro-ro/con-ro.				Desde o primeiro remolque/ semirremolque/ camión/contedor que cumpra as condicións específicas. Non é aplicable a MAFI nin cassetes, nin a vehículos ou elementos de transporte en réxime de mercadoría.	40%			Aplicase a todas aquelas escalas de servizos marítimos regulares de transporte marítimo de curta distancia, de buques ro-ro/con-ro, que manteñan ou incrementen o tráfico, medido en toneladas, con respecto á media dos dous anos anteriores. Servizos marítimos de cando menos dúas frecuencias semanais. Esta bonificación é incompatible coa establecida no artigo 245.3 bis.
Servizo marítimo de graneis sólidos.		De 15 a 25 escalas.	5%					Aplicase, se é o caso, por igual desde a primeira escala operada a partir da entrada en vigor da presente lei, se o servizo marítimo supera o tráfico mínimo indicado no tramo, e soamente para buques de máis de 25.000 GT. Tanto para o cómputo de escalas como para a bonificación, soamente se terán en conta as escalas que superen os 25.000 GT.
		Máis de 25 escalas.	10%					